

Creación dunha reportaxe sobre a castelanización da toponimia

Noticia da que partimos:

O programa de prensa de Ifema-Fitur castelaniza os nomes de Rianxo e A Pobra

La Voz de Galicia, 28/01/2015

O dossier de prensa remitido aos xornalistas e a outros profesionais acreditados para asistir aos distintos actos promocionais que se desenvolven na feira de turismo (FITUR) castelanizou os nomes dos concellos que integran Arousa Norte. Así, no programa de actividades no que se citaba o acto promocional que a mancomunidade celebrou onte, Rianxo converteuse en Rianjo, da mesma forma que A Pobra do Caramiñal pasou a ser Puebla del Caramiñal e, desde logo, tampouco se librou Arousa Norte, que foi transformada en Arosa Norte.

Os únicos que se salvaron da castelanización, seguramente porque a tarefa resultaba máis complexa, foron Boiro e Ribeira, aínda que poida que tampouco resultase estraño que a alguén se lle dese por pór Ribera, aínda que non fose a “del Duero”.

A seguir tes toda a información necesaria para escribir unha reportaxe que profunde no contexto da noticia, xa organizada segundo os obxectivos de cada unha das partes.

Escrebe un titular suxestivo. Propostas: *A uniformización que non cesa / A man negra da deturpación / De Palmera al río Piedras / Arosa, unha comarca de Madrid ...*

Redacta a Entrada: un parágrafo breve e clariño coa información básica do tema da reportaxe. Vén a ser unha síntese da noticia, indicando que a nova se enmarca nun contexto de incremento de castelanizacións da toponimia por parte dos organismos públicos, que deberían respectar os nomes orixinarios.

Escrebe un pequeno pé de foto explicativo para cada unha das imaxes



Redacta o parágrafo de apertura do corpo. Centra máis o tema e intenta que capte a atención (coa revelación de algo oculto, con algunha suposición intrigante, cunha anécdota...)

<p>FONTES PROPOSTAS</p> <p>Máis de trinta anos despois de que a Lei de normalización lingüística recoñecese que a única forma oficial e correcta de denominar os nosos nomes de lugar é a orixinal, isto é, a galega, e que esa debe ser, a todos os efectos, a única forma de rotulalos, A Mesa continúa a recibir queixas pola deturpación da nosa toponimia.</p>	
<p>Escrebe 2 ou 3 parágrafos de desenvolvemento do corpo. Introduce algunhas declaracións en distintos momentos, seguindo a fórmula: “(CITA)”, sinala / matiza / lembra / explica / indica / expón / asegura (o alcalde, por exemplo). Ou: (O alcalde) afirma / sostén / revela / advirte / demanda / esixe / descóbrenos / aconsella que “(CITA)”. Inclúe tamén valoracións propias. Podes manifestar a túa postura con algún recurso lingüístico de modalización: afirmacións coas perífrases HABER QUE + INF. ou DEBER + INF. (<i>Hai que ter en conta..., Débese actuar...</i>), adxectivos como <i>impresentábel, indignante, indecente...</i>, adverbios como <i>lamentabelmente, tremendamente, afortunadamente...</i></p>	
<p>FONTES PROPOSTAS</p> <p>(1. Que é FITUR, que fai Arousa Norte alí)</p> <p>A 35 edición da Feira Internacional de Turismo de Madrid, Fitur, un dos certames sectoriais de maior repercusión mundial, desenvolveuse desde o 28 de xaneiro en Madrid coa participación de 165 países e máis de 120 mil profesionais do sector.</p> <p>O stand de Turismo de Galicia, que contou cunha superficie de preto de 1.000 metros cadrados e unha estética que incidiu na imaxe de Galicia como destino sostible, acolleu diferentes módulos expositivo. Ademais destes diferentes espazos dende os que se puido descubrir a ampla oferta turística de Galicia, o expositor incluíu un salón de actos que acolleu máis de 30 presentacións durante as tres primeiras xornadas da feira dirixidas a profesionais.</p> <p>Deste xeito, presentáronse recursos de Galicia tan importantes no reclamo dos turistas como o Camiño Inglés ou o Festival de Ortigueira. Así mesmo, os visitantes ao expositor de Galicia puideron coñecer máis a fondo os destinos Ferrol, Arteixo, Arousa Norte e a mariña lucense.</p> <p>Arousa Norte difundiu en Fitur as súas</p>	

virtudes, promocionando de forma especial o turismo de natureza e deporte. Durante o acto promocional presentouse o último vídeo, con imaxes e suxestións dos aspectos máis destacados dos catro municipios. As rutas literarias, marítimas, arqueolóxicas e o encanto das súas praias, foron algúns dos aspectos reseñados.

(2. Que aconteceu cos topónimos en Fitor)

Incredulidade da xerente

A xerente da mancomunidade, Irene Maneiro, que non tivo ocasión de ver o folleto, expresou a súa incredulidade polo feito de que se distribuíu unha guía de actos cos nomes castelanizados. A xerente mostrouse interesada en saber como puido producirse esta circunstancia.

Desde logo, as redes sociais tamén se fixeron eco disto, xa que algunha das persoas que se deu conta da tradución dos topónimos por parte dalgún dos organizadores non dubidou en colgar o texto tal e como figuraba na nota, algo do que rapidamente se fixeron eco outros internautas.

(3. A castelanización da toponimia)

A Lei de normalización lingüística (1983) establece no seu art. 10 que “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, que “corresponde á Xunta de Galiza a determinación dos nomes oficiais dos núcleos de poboación” e que “estas denominacións son as legais a todos os efectos e as rotulacións terán que concordar con elas”. Do mesmo xeito, os nomes de entidades de poboación dos concellos coruñeses están fixados desde hai xa máis dunha década no Nomenclátor, aprobado polo goberno galego mediante o “Decreto 189/2003”.

Xosé Coteló, responsábel da Mesa pola Normalización en Bergantiños: “A toponimia é un patrimonio inmaterial que atesoura parte da historia do pobo galego”. Reclamoulles aos gobernos que “exerzan a súa responsabilidade moral, como representantes das galegas e dos galegos nos concellos, usando correctamente as formas oficiais das entidades de poboación, para asegurarmos a conservación e transmisión dos nosos nomes de lugar ás vindeiras xeracións sen alteracións nin deturpacións”.

Marcos Maceira, presidente da Mesa: “A deformación e hibridación da nosa toponimia é unha das secuelas do proceso de substitución e exclusión do seu territorio natural que o idioma da Galiza leva séculos padecendo”.

(4. Outros casos na comarca)

A Mesa pola Normalización Lingüística comunicou en febreiro de 2014 que se dirixiu

<p>ao Goberno central para lle pedir que explique como é o proceso que levan a cabo para castellanizar “nomes de lugar que non apareceran deturpados nin no franquismo”. A asociación referiuse, por exemplo, a un comunicado oficial do Ministerio de Medio Ambiente sobre o número de ofertas presentadas para a construción da EDAR de Ribeira, “no que se rebautiza a parroquia de Castiñeiras como Castiñeras ou A Revolta como Revuelta”.</p>	
<div data-bbox="172 544 707 656"> <p>Crea un apartado con título específico dedicado a un aspecto relevante, como o aumento de casos nos últimos tempos.</p> </div> <p>FONTES PROPOSTAS</p> <p>(Outros casos recentes noutras comarcas)</p> <p>A Mesa de Bergantiños presentou un estudo sobre o estado dos topónimos na sinalética pública da comarca, en marzo de 2014. 172 topónimos da comarca de Bergantiños aparecen rotulados sen respectar a súa forma oficial.</p> <p>Xullo 2014: A Deputación de Pontevedra e o Concello do Grove patrocinan a deturpación da nosa toponimia, promocionando o concurso “Isla de la Toja”. O Sergas mantén a forma castrapizada “Conjo” nas portas do Hospital Psiquiátrico compostelán.</p> <p>Setembro 2014: Segundo a páxina web da Deputación da Coruña, a volta ciclista pasou por Puente deume e o Puente de las Pías.</p> <p>Decembro 2014: Xunta, Concello de Santiago e Consorcio deturpan a toponimia compostelá na rehabilitación da Curtiduría de Pontepedriña, rotulando “Parroquia de San Juan de Puente Pedriña de Arriba”.</p> <p>Marcos Maceira salientou que “o diñeiro das galegas e galegos non se pode utilizar para financiar agresións ao noso patrimonio”, indicando que non é de recibo que as administracións públicas se dediquen a colocar sinalética que non respectan a lexislación.</p>	
<div data-bbox="172 1686 707 1798"> <p>Finaliza cun parágrafo de peche que conecte coa idea central: unha conclusión, unha proposta...</p> </div>	